

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA F.G.P.

27/10/2023

Acta da Asemblea Xeral Ordinaria do 27 de outubro de dous mil vintetres, celebrada de forma “híbrida” na sede da Federación Galega de Piragüismo no Centro Deportivo David Cal de Verducido e a través dun enlace “en liña” para os que non puideron asistir presencialmente.

Iniciándose na súa segunda convocatoria as 19:30 h. estando presentes @s señor@s sinalados o comezo da presente acta, todos eles convocados polo Presidente da Federación Galega de Piragüismo, tomando os seguintes acordos:

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. José Alfredo Bea García

ESTAMENTO DE CLUBS AUGAS TRANQUILAS:

Club Naval de Pontevedra: D. José Carlos Paz Sánchez

Club Fluvial Allaríz: D. José Manuel Fernández Ortega.

Club Xuvenil Piragüismo As Pontes: D. Jesús Alén Cal.

C.M.D.C. Breogán do Grove: D. Félix José Lamas Gondar.

Club Piragüismo Cidade de Lugo: D. Martín Carballo Méndez.

Club Deportivo Náutico de Miño: Dona Teresa M^a Oujo Reino.

Club Piragüismo Ourense: Santiago Carvajal Mosquera.

Club Fluvial de Lugo: D. Alejandro Cuadros Vega.

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS AUGAS TRANQUILAS:

Dona M^a Araceli Menduiña Santome.

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS AUGAS BRAVAS:

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS DGAN:

D. Noel Domínguez Martín.

ESTAMENTO DE TÉCNICOS:

D. Juan José Costal Filgueira.

ESTAMENTO DE ÁRBITROS:

D. Antonio Romero Vila.

D. José Manuel Sánchez Moure.

Tamén está presente, con voz pero sin voto, o tesoreiro da FGP D. Marcos Cid Pérez.

Iniciase a Asemblea con un total de 14 membr@s acreditados.

ORDE DO DÍA:

1.- Proposta de remuneración do Presidente da F.G.P.

2.- Aprobación Orzamento 2023/2024.

Inicia a Asemblea o presidente saúdando os asistentes, tanto os que están de forma presencial, como os que o fan “en liña”; explicando que esta asemblea extraordinaria o pasado ano non se celebrou o atoparnos no proceso electoral, e por indicacións da Xunta o orzamento foi aprobado pola Comisión Xestora.

E o motivo desta convocatoria é a aprobación do orzamento 2023/2024 antes do 31 de outubro, tal e como nos esixe a Lei.

Xunto coa convocatoria desta Asemblea, achegouse a tod@s os membros o borrador do orzamento e o informe da CD.

Sigue explicando o presidente que o orzamento que se presenta é de circunstancias pola premura de tempo para a súa aprobación, estando pendentes a confirmación das cuantías das diferentes administracións.

A circular de licenzas non se trae a esta reunión, estando pendentes dalgún cambio que poida ter a circular da RFEP, que influía na nosa.

Quedaría delegada a CD para ir incluíndo os datos confirmados que se vaian recibindo e logo levarase o orzamento a súa ratificación na Asemblea Xeral Ordinaria.

Marcos Cid (tesoreiro) explica o borrador do orzamento presentado, indicando a variación nalgunhas das partidas e a súa motivación. Tratando de que o orzamento cumpla o plan de viabilidade, que no vindeiro ano marcanos que temos que presentar un superavit de 25.000€.

Carlos Paz (Naval de Pontevedra) presenta varias preguntas sobre algunhas partidas con incrementos, máis gastos en seguros, gastos de arbitraje, incremento nómina dun técnico; sendo respostadas as súas preguntas polo tesoreiro e o presidente.

Asimesmo, Carlos Paz amosa o seu malestar pola información facilitada polas axudas que lles corresponde aos clubs polas Depoescolas, sin poñer os nomes dos clubs.

O presidente amosase totalmente de acordo, engadindo que descoñecía que esta información trasladarase desta forma, asegurando que se voltará a enviar de novo cos nomes e cantidade que corresponden a cada club.

Non habendo máis preguntas sobre o orzamento presentado, propónse realizar primeiro a votación do mesmo, non habendo nadie que se opoña.

Posto a votación o orzamento 2023-2024, sae aprobado por UNANIMIDADE.

Unha vez aprobado o orzamento, o presidente abandona a sala para ser tratado o outro punto da orde do día, "Proposta de remuneración do Presidente da F.G.P."; pasando a dirixir a Asemblea a Vicepresidenta M^a Araceli Menduiña.

O tesoreiro, Marcos Cid, informa da proposta que é igual a do pasado exercicio, con un soldo de 30.000€ e uns gastos da SS de 10.020€, que dan un gastos total de 40.020€

Non habendo intervencións a vicepresidenta pon a votación esta proposta que sae aprobada por UNANIMIDADE.

Tras ser tratado este punto, o presidente volta a sala e, a modo informativo expón os seguintes temas aos presentes nesta Asemblea:

- Informa da presentación dunha oferta polo piso propiedade da FGP onde estaba a antiga sede da FGP, local de 150 metros cuadrados; polo que presentan unha oferta de 55.000€.

Xa se solicitou información ao Concello, da posibilidade de pasar o piso de comercial a vivenda, tras a nova Lei aprobada pola Xunta.

A FGP conta con pisos alugados para deportistas, e poderíase estudar a posibilidade de adecuar este local para vivenda destes deportistas, e de non ser posible existe a posibilidade de proceder a súa venda.

Este asunto será tratado no seu momento, con toda a información da que dispoñamos.

- O noso seguro non é caro, pero coa nova Lei do Deporte parece ser que queren que as indemnizacións (falecemento e invalidez) se iguallen as de accidente de tráfico o que supondría un aumento moi importante e, tamén supondría un forte aumento das cuotas a pagar polo seguro.

Dende a UFEDEGA xa se trasladou o asunto a Xunta de Galicia, entre os deportistas de 6 a 16 non teríamos problema xa teñen seguro polo XOGADE.

A nivel nacional varias federacións autonómicas xa nos estamos preocupando por este tema, pero non se descarta que as licenzas nacionais pudesen incrementar o seu custo.

- En canto o calendario nacional para o 2024, o presidente informa que foi aprobado na CD da RFEP, onde se adianta a primeira regata a celebrar na primeira semana de marzo, o que nos obriga a poñer as nosas regatas a finais de xaneiro ou a principios de febreiro.

Esto, a parte do tempo, tamén supora un handicap para os deportistas da zona Norte que na tempada de inverno non lles permite baixar a auga nas mellores condicións, e non chegarán co número de quilómetros en auga adecuados para chegar a competición nacional nas mellores condicións.

Varios dos asistentes comparten a posición do presidente neste asunto, e este indica que se ira informando de estos temas cando se vaia tendo máis información.

Levantase a sesión cando son as 20,25 h., dando fe de todo o recollido e asino como Secretario da Federación Galega de Piragüismo.

Pontevedra, 27 de outubro de 2023.

Vº e Prace Presidente

José Alfredo Bea García

Félix José Lamas Gondar

Secretario

—